

Belarmina

Eu non marchei pero a miña irmá Belarmina, que me levaba a barbaridade de catorce anos, figúrese! ela si que marchou, pero eu non, a min non me tocou. Belarmina foi para Caracas, que tiñamos alí uns curmáns, pero non aguantou máis que oito anos, a pobre, que o seu trinta aniversario celebrámo-lo ao pouco de volver ela. O caso é que fomos esperala ao Musel miña nai e mais eu. Miña nai dixo que prefería deixar de comer que non ir por ela, “prefiro quitarme de comer que non ir buscala”, dixo. “E a nena vén conmigo”. Así que gastamos os cartos en alugar o coche de Herminio, un ford negro cos asentos forrados en pel beixe. Iso non se me borra da cabeza porque era a primeira vez que eu ía en coche. Despois, en Musel, había moita xente e cando apareceu Belarmina miña nai non chorou nin dixo gran cousa porque miña nai era de armas tomar e nunca choraba nin nada. Esa era miña nai. Pero xa de volta, cando demos a curva grande do Cuetu, a miña irmá berroulle a Herminio “para, Herminio, para” e nosoutros houbemos morrer do susto con aqueles láidos como de aluada que daba. Entón a miña irmá Belarmina saíu disparada do coche e botouse a rebolos pola herba alí mesmo, nos prados do Cuetu. Miña nai, que quedara na beiravía esperando, díxolle “pero estás tola, nena, que fas ho, estás tola ou que” e Belarmina contéstoulle que non, que desde que chegara a Caracas non volvera cheirar o orballo e que por iso o facía, para cheirar a herba. E entón miña nai abrazouna moi forte e as dúas puxéronse a chorar e eu tamén chorei e así fomos aquel día as tres de cara á casa.

Do libro "La maleta al agua"



XANEIRO 2011

01	sábado	1996 Donna Haraway, bióloga e filósofa feminista publica "Ciencia, Cyborgs e Mulleres".
02	domingo	2003 Pasamento de Monique Wittig, escritora e teórica feminista francesa.
03	luns	1972 Falece Elisabeth Schiemann, xenetista e botánica que se opuxo ao nazismo.
04	martes	1990 Sae por 1º ano a Axenda Feminista Galega, que edita Mulleres Nacionalistas Galegas.
05	mércores	1902 Nace en Viveiro Maruxa Mallo, pintora surrealista autora de "Sorpresa do trigo".
06	xoves	1991 Cristina Fdz. Piñeiro, primeira muller árbitra de balonmán, ascende á categoría internacional.
07	venres	1355 Inés de Castro, executada en Portugal por razón de Estado reinará despois de morta.
08	sábado	As nenas vítimas do infanticidio. En Asia "faltan" 100 millóns de nenas.
09	domingo	1999 Nace como muller Laura Bugallo, presidenta de Trans-Galiza. Primeira transexual legalmente recoñecida en Galiza.
10	luns	1983 Publícase o 1º número de ANDAINA, revista galega de pensamento feminista.
11	martes	1980 Pasamento de Celia Sánchez Manduley, figura mítica da revolución cubana.
12	mércores	1976 Falece Agatha Christie, escritora inglesa de novelas de suspense.
13	xoves	1916 No Iucatán, México, iníciase o I Congreso Feminista Nacional.
14	venres	1918 Nace Rosa Laviña, militou no exilio en Solidaridad Internacional Antifascista.
15	sábado	1919 Morre asasinada Rosa Luxemburgo, revolucionaria fundadora do Partido Comunista Alemán.
16	domingo	1932 Nace Dian Fossey, zoológa especializada en gorilas.
17	luns	1911 Nace en Cambados Nieves Fariza Alonso, mestra e laborista coñecida como "A Pasionaria Branca".
18	martes	1937 é fusilada no Castelo de San Felipe Amada García, mugardeza militante do PCE.
19	mércores	1966 Indira Gandhi é elixida Primeira Ministra da India.
20	xoves	1758 Nace Marie-Anne Paulze (Mme. Lavoisier), "nai" da química moderna.
21	venres	1790 A Asemblea Nal. Francesa proclama a igualdade ante a lei excluindo ás mulleres.
22	sábado	1952 Nace Amparo Cano, Catedrática de Bioquímica. Investigación no cancro.
23	domingo	1622 María Soliño é sentenciada a morte por meiga, en Cangas do Morrazo.
24	luns	1889 Nace Marjory Stephenson, investigadora do metabolismo bacteriano.
25	martes	1882 Nace Virginia Wolf, escritora inglesa e feminista. "Un cuarto de seu".
26	mércores	A Margarida Ledo, Patricia Ferreira, Iciar Bollain, Isabel Coixet, G. Querejeta... cineastas.
27	xoves	A Tereixa Navaza, C. Sarmiento, Lola Álvarez, Montse Boix... e máis xornalistas comprometidas.
28	venres	1873 Nace a escritora Colette. Parte da súa obra publicouse co nome do seu home.
29	sábado	1997 Lotta Kronlidy inutiliza compoñentes armamentísticos dunha fábrica inglesa.
30	domingo	1901 Nace Jimena Menéndez Pidal, mestra defensora da coeducación.
31	luns	1820 Nace Concepción Arenal, escritora galega, xornalista e experta en Dereito.